

Algúns **CONCEPTOS** básicos**Blocos afro**

Agrupacións culturais, musicais e políticas xurdidas nos anos 70–80 do século XX en Salvador de Bahía, Brasil, a partir doutras realidades existentes. No plano musical partiuse de antecedentes como as escolas de samba de Rio de Janeiro e Salvador; os ritmos do "Candomblé" (relixión tradicional, de orixe africana, e predominante no seo da poboación negra de Salvador); os "Afoxés", agrupacións de rúa xurdidas a mediados do S.XX baseadas musicalmente no ritmo Ijexá; entre outras. Nos primeiros pasos do "estilo", fóronse introducindo novos elementos propios doutros xéneros como o reggae xamaicano, ritmos caribeños ou diferentes tipos de música africana. Algúns dos Blocos Afro máis importantes son Ilê Aiyé, Olodum, Muzenza, Malê Debalê, etc.

Camiñar dos fondos

Falamos de que os fondos camiñan cando executan o seu patrón habitual marcando as "terras" de tódolos tempos.

Chamada

Célula rítmica particular de cada estilo que tocada pola directora ou director é indicadora do pulso ao que vai tocar o bloco.

Compás

(a grandes trazos) unidade rítmica composta por varios tempos e que constitúe o ciclo musical básico ou máis curto de cada ritmo. Ao longo de todo o ano traballaremos con compases de 4 tempos.

Terra

(a grandes trazos) chamamos terra ao punto rítmico que coincide co instante no que apoiamos o pé no chan. O primeiro instante de cada tempo e o que tocan os fondos cando camiñan.

Contra

É o punto rítmico contrario á terra. O patrón do repique no reggae, por exemplo, toca todas as contras.

Levada ou patrón

Toque básico e repetitivo de cada instrumento.

Corte, quebrada, ou break

Construción rítmica que crea unha ruptura coa levada normal. Normalmente están vinculados a unha peza musical.

Flam ou mordente

Golpe composto por dous golpes que non son simultáneos pero están moi próximos. O primeiro deles, de acentuación menor, precede ao golpe forte que marca o punto rítmico.

Golpes aberto, grave e slap

Son os tres golpes que, xunto o golpe pantasma ou de recheo, compoñen a técnica de timbau

Mazas

Baquetas anchas, coa punta branda, que adoitan ser usadas para tocar os surdos.

Rimshot

Golpe típico de repique e caixa no que a baqueta ou vime tocan tanto o aro metálico coma o parche, producindo un son agudo e acentuado.

Talabarte, correa ou cinto

Cinta para colgar o instrumento.

Variacións

Construcións feitas a partir do patrón de cada instrumento, con máis ou menos notas, que poden servir para dar énfase a algunha parte da peza musical, entre outras cousas.

Vimes

Danlle este nome en Salvador ás baquetas de nailon que derivan das que orixinariamente eran de vimbio.

Algúns dos BLOCOS máis importantes

Ilê Aiyê

O bloco afro pioneiro. Xurdiu en 1974 na ladeira do Curuzú, no extenso barrio negro da Liberdade, en Salvador de Bahía. Musicalmente entronca, nas súas orixes, coas escolas de samba de Rio de Janeiro, cos afoxés que xa existían na cidade dende os anos 40 do século XX e co candomblé, a música dos terreiros ou lugares de culto relixioso propios da cultura negra, de ascendencia africana. O seu ritmo característico é o Samba Afro, con moitas variacións diferentes.

Olodum

Un dos primeiros Blocos Afro e dos máis coñecidos na actualidade. Fundouse en 1979, pero foi a principios dos anos 80, coa incorporación no ámbito musical de figuras como a do mestre Neguinho do Samba, cando Olodum gañou en importancia por conseguir diferenciarse dos demais blocos ao crear novos ritmos dentro da sonoridade do bloco, como o samba reggae ou o merengue. Estes ritmos contrastaban co samba afro dominante no resto dos blocos afro pola incorporación de elementos do reggae xamaicano ou dos ritmos do Caribe. Algúns dos seus ritmos máis importantes son o Merengue, o Samba Reggae, o Reggae, o Suingue ou o Avenida.

Didá

Bloco fundado por Neguinho do Samba á súa saída de Olodum, nos anos 90. As súas principais sinais de identidade son as súas coreografías con instrumento e que está composto unicamente por mulleres. As súas bases rítmicas son similares ás de Olodum.

Timbalada

Fundada a principios dos anos 90 por Carlinhos Brown no barrio do Candeal. A súa principal achega á música da cidade foi o desenvolvemento do timbau como instrumento dentro do bloco. A través das súas investigacións nos ritmos afroamericanos e africanos, introduciron numerosos elementos musicais que posteriormente foron adoitados por outros blocos da cidade, debido á súa grande creatividade e constante innovación. Previamente á Timbalada existiu outro proxecto musical no Candeal, o Vai Quem Vem (tamén dirixido por C. Brown), que é considerado un precedente directo do primeiro. Algúns dos seus ritmos máis sobranceiros son o Tamanquinho ou o toque de timbaleiro.

Malê Debalê

Bloco fundado no barrio de Itapua que saíu a desfilar por primeira vez no Carnaval de 1980. Unha das súas principais características é que posúe unha gran ala de danza que acompaña ao bloco nos seus desfiles. Algúns dos seus ritmos característicos son o Light ou o Malês.

Muzenza

Fundado no ano 1981, ten entre as súas principais influencias musicais o reggae xamaicano.

Outros blocos importantes son Ara Ketu, Negoês, Tambores e Cores, Cortejo Afro, Swing do Pelô.



Surdos

Tódolos tambores graves, dun diámetro habitualmente igual ou superior ás 16 polgadas (40.640cm) e igual ou inferior ás 24 polgadas (60.960cm). Habitualmente tócanse con mazas e diferenciamos varios tipos en relación coa súa afinación e tamaño: fondos (primeira e segunda), cortadores e dobradas.

- O **primeira** é o máis grave dos fondos. En Latexo ten un diámetro de 22 polgadas, pero este pode ser variable. A súa función no bloco é marcar o pulso e establecer a referencia de afinación dos outros surdos.
- O **segunda** é a parella natural do primeira e normalmente sona nos tempos apostos ao anterior. En latexo está afinado unha 3ª maior con respecto ao primeira.
- O **cortador, terceira, dobra de uma ou surdo de corte**, entre outras denominacións e o encargado, xunto coas dobradas de completar a frase dos tambores graves. Son habitualmente os surdos máis cativos e de afinación máis aguda (en Latexo unha 8ª sobre o primeira). É habitual escoitar variacións sobre o patrón deste instrumento, sobre todo cando é unha soa persoa a que o toca no seo do bloco.
- A **dobrada ou dobra de dúas** completa a frase dos tambores graves, xerando moitas veces os ciclos musicais máis amplos. Non sempre se diferencian as dobradas dos cortadores, estando, nos tempos modernos fusionados no mesmo tambor. En Latexo afínase na quinta con respecto ao primeira.
- O **trío de surdos** combina os dous fondos e unha das dobras, facendo unha rítmica sintética que se caracteriza por compactar e estabilizar as bases graves. É un instrumento relacionado en grande medida ás bandas de escenario e non tanto aos blocos de rúa.

Caixa (ou tarol)

De 14" en Latexo, é un instrumento que forma parte dos timbres máis agudos do bloco. Tócase con baquetas de madeira. Moitas veces a súa función é marcar a subdivisión rítmica e nos cortes pode acompañar ás voces graves dos surdos ou as agudas dos repiques.

Repique (ou repinique)

É outro dos instrumentos agudos do bloco e normalmente leva unha clave rítmica, aínda que moitas veces abandona o seu patrón para repicar ou improvisar sobre o ritmo. Nos cortes fai a voz aguda, que complementa a frase dos surdos. No bloco afro adoita ser tocado con baquetas de vimbio (tradicionalmente e na actualidade nalgúns blocos como Olodum) ou de nailon, aínda que tamén é habitual tocalo con baquetas de caixa. As súas medidas poden ir dende as 8 polgadas (bacurinha) ata as 14, sendo o de 12 o máis habitual na actualidade. En numerosas blocos e tamén nas escolas de samba de Río de Janeiro adoita ser o instrumento do director.

Timbau

É o único dos instrumentos do bloco que se toca coas mans, aportando un brillo diferente ao conxunto. Na maioría dos blocos de Salvador ten unha función solista, tocándoo unha única persoa, entre todos os demais instrumentos. Timbalada é unha das excepcións máis interesantes pois desenvolveron unha ala enteira de timbaus e uns arranxos nos que este instrumento é protagonista. Nel diferenciamos 3 sons básicos: o grave, o son natural ou aberto e o "slap" ou galleta e nos cortes brinda a posibilidade de facer tódalas voces, tanto as graves como as agudas.